



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### DODRO

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

#### **XXXVI PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2023**

**BDNS(Identif.):709773**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/709773>)

#### **OBJETO**

Las presentes bases tienen como objeto regular, en régimen de concurrencia competitiva, el proceso para la concesión del XXXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2023.

#### **DOTACIÓN DEL PREMIO**

El XXXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón tiene una dotación económica de 2.500 €, que recibirá la persona autora de la obra que resulte ganadora. Además, la obra galardonada será publicada, con el auspicio del Ayuntamiento de Dodro, dentro del año siguiente al del dictamen del premio, en una editorial de reconocido prestigio, efectos para los cuáles el Ayuntamiento de Dodro se reservará los derechos de edición durante un plazo de dieciocho meses a contar desde la fecha del dicho fallo La persona autora recibirá gratuitamente 25 ejemplares de esta edición que se realice.

El importe económico del premio estará sujeto a las retenciones y deberes fiscales establecidos en la legislación vigente.

#### **PARTICIPANTES**

Podrán concurrir a este certamen todas las personas mayores de 18 años que así lo deseen, siempre que no fueran sido premiadas en alguna de las cuatro ediciones anteriores del premio, y que cumplan los requisitos generales de la Ley 38/2003, General de Subvenciones y los específicos previstos en el marco de estas bases.

El premio no podrá concederse a título póstumo, sin perjuicio de los derechos de sucesión que puedan corresponder en el caso de que la persona autora de la obra galardonada falleciera después de finalizado el plazo de presentación de solicitudes.

Las personas beneficiarias deberán estar al corriente de sus deberes tributarios y frente a la Seguridad Social. Este requisito debe mantenerse desde la presentación de la candidatura hasta la resolución del premio, y cualquier cambio en esta condición deberá ser comunicado al órgano de instrucción del procedimiento.

#### **CANDIDATURAS**

Las obras que se presenten al XXXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón deberán reunir los siguientes requisitos:

Deberán consistir en obras de poesía escritas en lengua gallega, de manera íntegra o principal, conforme a la normativa oficial vigente.

Deberán ser trabajos originales e inéditos, no premiados en otros certámenes, ni inscritos, total o parcialmente, y que carezcan de compromisos de publicación con alguna editorial. Si la misma obra fuera presentada simultáneamente a otro certamen y resultara premiada, finalista o con alguno otro tipo de beneficio derivado del certamen, será automáticamente excluida de este Premio.

Los poemarios serán de tema y forma libres. Tendrán una extensión mínima de 500 versos y máxima de 800.

Las obras ostentarán un título y un lema (o pseudónimo de la persona autora).

La participación en el certamen implica la total aceptación de estas bases y, en aquellos casos no previstos, se atenderá a lo que dictamine el jurado.

La originalidad de la obra y su autoría se justificarán mediante declaración responsable en la que se manifestará ser la persona autora y titular de todos los derechos. En consecuencia, el Ayuntamiento de Dodro no tendrá ninguna responsabilidad en las denuncias que se pudieran producir por plagio u otras eventualidades derivadas de los derechos de autor, recayendo sobre la persona participante todas las acciones y, en su caso, indemnizaciones, que pudieran derivarse de lo anterior, por los perjuicios ocasionados a particulares o a la organización.

### FORMA Y PLAZO DE PRESENTACIÓN DE LAS CANDIDATURAS

Los poemarios se presentarán en formato digital, por medio de un lápiz de memoria o CD, acompañados de una plica o sobre cerrado en la que figurarán el título y el lema. En el interior del sobre cerrado se incluirá la siguiente documentación:

Copia del DNI de la persona autora.

Datos de contacto (dirección postal, teléfono y dirección de correo electrónico).

Breve currículum literario.

Solicitud de participación, debidamente cubierta, conforme al modelo normalizado que se establezca en la convocatoria (Anexo I).

Declaración de autoría y originalidad, titularidad de los derechos de la obra, de la condición de encontrarse libre de cargas y limitaciones de explotación, de cesión de los derechos de la obra, incluidos los de publicación, explotación y distribución por un plazo de dieciocho meses desde la fecha de concesión del premio, y de aceptación de las presentes bases (Anexo I).

Declaración responsable de estar al corriente en el cumplimiento de los deberes con la Agencia Tributaria y frente a la Seguridad Social y de no encontrarse incurso/a en ninguna de las prohibiciones para ser beneficiario/a de subvenciones públicas, conforme a la Ley 38/2003, General de Subvenciones (Anexo II).

Declaración de consentimiento expreso para el tratamiento de los datos personales que consten en la solicitud de participación, de conformidad con lo dispuesto en la Ley Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Personales y Garantía de los Derechos Digitales.

Los trabajos, con la plica, se enviarán por correo postal a la siguiente dirección, sin indicar la persona remitente:

XXXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón  
Concello de Dodro  
Tallós, 32  
15981 Dodro-A Coruña

EL plazo de presentación de las obras quedará abierto desde el día siguiente al de la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña, y finalizará el día 22 de septiembre de 2023.

No se admitirán los trabajos entregados presencialmente, ni los remitidos fuera de plazo.

### PUBLICACIÓN DE LAS BASES REGULADORAS EN EL BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

Las bases reguladoras del XXXVI Premio fueron publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña núm. 137 del 19 de julio de 2023

### COMPOSICIÓN DEL JURADO. DELIBERACIÓN Y FALLO

El jurado estará integrado por cinco miembros, siendo presidente el alcalde de la Corporación y secretario el concejal de Cultura y Patrimonio, quienes actuarán sin voz y sin voto. Los miembros restantes, tres vocales, serán personas de reconocida objetividad y competencia en el género de la poesía, así como en la crítica literaria. La composición del jurado se dará a conocer, con antelación a la emisión del fallo, en el tablero de anuncios de la sede electrónica del Ayuntamiento de Dodro.

Las deliberaciones del jurado serán secretas.

El acta que contenga la evaluación final de las candidaturas deberá recoger, como mínimo, el sistema empleado en la valoración, la baremación de cada una de las obras participantes (ordenadas de mayor a menor puntuación) mediante el sistema previsto, y la propuesta de la premiada.

El tribunal tendrá la facultad de declarar desierto el premio, sea por la falta de presentación de obras, porque no reúnen los suficientes méritos o porque no se ajustan a las condiciones establecidas en la convocatoria.

La resolución del jurado, que será inapelable, tendrá lugar en la sesión que se lleve a cabo, en principio, en la fecha acordada del 18 de noviembre de 2023, en la Casa de la Cultura de Dodro. El Ayuntamiento de Dodro se reserva el derecho a cambiar la fecha si fuese necesario.

Al dictamen del jurado y a la resolución de concesión del premio se le dará difusión por medio del tablero de anuncios de la sede electrónica del Ayuntamiento de Dodro.

Dodro  
20/7/2023  
Ramón Abuín Gómez  
Alcalde en funciones (Resolución de la Alcaldía núm. 356/2023)

**XXXVI PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2023**

BDNS(Identif.):709773

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/709773>)

**OBXECTO**

As presentes bases teñen como obxecto regular, en réxime de concorrencia competitiva, o proceso para a concesión do XXXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2023.

**DOTACIÓN DO PREMIO**

O XXXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón ten unha dotación económica de 2.500 €, que recibirá a persoa autora da obra que resulte gañadora. Ademais, a obra galardoada será publicada, co auspicio do Concello de Dodro, dentro do ano seguinte ao do ditame do premio, nunha editorial de recoñecido prestixio, efectos para os cales o Concello de Dodro se reservará os dereitos de edición durante un prazo de dezaioito meses a contar dende a data do dito ditame. A persoa autora recibirá gratuitamente 25 exemplares desta edición que se realice.

O importe económico do premio estará suxeito ás retencións e obrigas fiscais establecidas na lexislación vixente.

**PARTICIPANTES**

Poderán concorrer a este certame todas as persoas maiores de 18 anos que así o desexen, sempre que non foran premiadas nalgunha das catro edicións anteriores do premio, e que cumpran os requisitos xerais da Lei 38/2003, xeral de subvencións e os específicos previstos no marco destas bases.

O premio non poderá concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan corresponder no caso de que a persoa autora da obra galardoada falecese despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

As persoas beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. Este requisito debe manterse desde a presentación da candidatura ata a resolución do premio, e calquera cambio nesta condición deberá ser comunicado ao órgano de instrución do procedemento.

**CANDIDATURAS**

As obras que se presenten ao XXXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón deberán reunir os seguintes requisitos:

Deberán consistir en obras de poesía escritas en lingua galega, de xeito íntegro ou principal, conforme á normativa oficial vixente.

Deberán ser traballos orixinais e inéditos, non premiados noutros certames, nin rexistrados, total ou parcialmente, e que carezan de compromisos de publicación con algunha editorial. Se a mesma obra fora presentada simultaneamente a outro certame e resultara premiada, finalista ou con algún outro tipo de beneficio derivado do certame, será automaticamente excluída deste Premio.

Os poemarios serán de tema e forma libres. Terán unha extensión mínima de 500 versos e máxima de 800.

As obras ostentarán un título e un lema (ou pseudónimo da persoa autora).

A participación no certame implica a total aceptación destas bases e, naqueles casos non previstos, atenderase ao que ditamine o xurado.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificaranse mediante declaración responsable na que se manifestará ser a persoa autora e titular de todos os dereitos. En consecuencia, o Concello de Dodro non terá ningunha responsabilidade nas denuncias que se puideran producir por plaxio ou outras eventualidades derivadas dos dereitos de autor, recaendo sobre a persoa participante todas as accións e, no seu caso, indemnizacións, que puideran derivarse do anterior, polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

**FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS**

Os poemarios presentaranse en formato dixital, por medio dun lapis de memoria ou CD, acompañados dunha plica ou sobre pechado na que figurarán o título e lema. No interior do sobre pechado incluírase a seguinte documentación:

Copia do DNI da persoa autora.

Datos de contacto (endereço postal, teléfono e endereço de correo electrónico)

Breve currículo literario.

Solicitude de participación, debidamente cuberta, conforme ao modelo normalizado que se estableza na convocatoria (Anexo I).

Declaración de autoría e orixinalidade, titularidade dos dereitos da obra, da condición de atoparse libre de cargas e limitacións de explotación, de cesión dos dereitos da obra, incluídos os de publicación, explotación e distribución por un prazo de dezaioito meses dende a data de concesión do premio, e de aceptación das presentes bases (Anexo I).

Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social e de non atoparse incurso/a en ningunha das prohibicións para ser beneficiario/a de subvencións públicas, conforme á Lei 38/2003, xeral de subvencións (Anexo II).

Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que consten na solicitude de participación, de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os traballos, coa plica, enviaranse por correo postal ao seguinte enderezo, sen indicar a persoa remitente:

XXXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón  
Concello de Dodro  
Tallós, 32  
15981 Dodro-A Coruña

O prazo de presentación das obras quedará aberto dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e rematará o día 22 de setembro de 2023.

Non se admitirán os traballos entregados presencialmente, nin os remitidos fóra de prazo.

#### **PUBLICACIÓN DAS BASES REGULADORAS NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA**

As bases reguladoras do XXXVI Premio foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 137 do 19 de xullo de 2023

#### **COMPOSICIÓN DO XURADO. DELIBERACIÓN E FALLO**

O xurado estará integrado por cinco membros, sendo presidente o alcalde da Corporación e secretario o concelleiro de Cultura e Patrimonio, quen actuarán sen voz e sen voto. Os membros restantes, tres vogais, serán persoas de recoñecida obxectividade e competencia no xénero da poesía, así como na crítica literaria. A composición do xurado darase a coñecer, con antelación á emisión do ditame, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

As deliberacións do xurado serán secretas.

A acta que conteña a avaliación final das candidaturas deberá recoller, como mínimo, o sistema empregado na valoración, a baremación de cada unha das obras participantes (ordenadas de maior a menor puntuación) mediante o sistema previsto, e a proposta da premiada.

O tribunal terá a facultade de declarar deserto o premio, sexa pola falta de presentación de obras, porque non reúnen os suficientes méritos ou porque non se axustan ás condicións establecidas na convocatoria.

A resolución do xurado, que será inapelable, terá lugar na sesión que se leve a cabo, en principio, na data acordada do 18 de novembro de 2023, na Casa da Cultura de Dodro. O Concello de Dodro resérvase o dereito a cambiar a data se for necesario.

Ao ditame do xurado e á resolución de concesión do premio daráselle difusión por medio do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Dodro  
20/7/2023  
Ramón Abuín Gómez  
Alcalde en funcións (Resolución da Alcaldía núm. 356/2023)

2023/6151